



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Habilidades de loita e a súa didáctica		Código	620G01020
Titulación	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Educación Física e Deportiva			
Coordinación	Dopico Calvo, Xurxo	Correo electrónico	xurxo.dopico@udc.es	
Profesorado	Dopico Calvo, Xurxo	Correo electrónico	xurxo.dopico@udc.es	
	Iglesias Soler, Eliseo		eliseo.iglesias.soler@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A presente asignatura como compoñente do módulo FUNDAMENTO DOS DEPORTES ten como obxectivo principal desenvolver no estudante as seguinte competencias:			
	- Identificar e comprender os requisitos psico e sociomotores das habilidades de loita - Identifitar e comprender os elementos técnico-tácticos que estruturan os deportes de loita - Adquirir unha competencia básica na execución das habilidades de loita - Deseñar, desenvolver e avaliar procesos básicos de ensino-aprendizaxe relativos ás actividades de loita. Atendendo a este plantexamento, os contidos da asignatura abordaran fundamentalmente cuestións referidas ó emprego das habilidades de loita como compoñentes procedimentáis na Educación Física e na iniciación deportiva, así como as peculiaridades didácticas derivadas das mesmas.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A4	Coñecer e comprender as bases que aporta a educación física á formación das persoas.
A5	Fomentar a convivencia, estimulando e poñendo en valor a capacidade de constancia, esforzo e disciplina dos participantes nas actividades de educación física e deportiva.
A7	Promover e avaliar a formación de hábitos de actividade física e deporte ao longo do ciclo vital, considerando que a idade, o xénero ou a discapacidade son variables que necesitan da intervención consciente para favorecer a igualdade de oportunidades.
A8	Deseñar, desenvolver, e avaliar os procesos de ensino ? aprendizaxe, relativos á actividade física e o deporte, con atención e titorización segundo as características individuais e contextuais das persoas (xénero, idade, discapacidade, culturas, etc.).
A9	Elaborar propostas curriculares para as distintas etapas no marco institucional dun centro educativo, desenvolvendo os elementos da programación didáctica da área de E. Física, con arranxo á lexislación vixente e ao proxecto educativo de centro.
A11	Posuír o conxunto de habilidades ou competencias docentes que faciliten o proceso de ensino-aprendizaxe na aula de educación física.
A18	Deseñar e aplicar métodos adecuados para o desenvolvemento e a avaliación técnico-científica das habilidades motrices básicas nas diferentes etapas evolutivas do ser humano, considerando o xénero.
A25	Identificar e comprender os requisitos psicomotores e sociomotores das habilidades deportivas, executando basicamente as habilidades motrices específicas dun conxunto de deportes, considerando as diferenzas por xénero.
A26	Identificar e aplicar as peculiaridades didácticas de cada especialidade deportiva na intención pedagóxica dos diferentes ámbitos de intervención.
A27	Aplicar os principios cinesiolóxicos, fisiolóxicos, biomecánicos, comportamentais e sociais nos contextos educativo, recreativo, da actividade física e saúde e do adestramento deportivo, recoñecendo as diferenzas biolóxicas entre homes e mulleres e a influencia da cultura de xénero nos hábitos de vida dos participantes.



A33	Seleccionar e saber utilizar o material e equipamento deportivo adecuado para cada tipo de actividade físico-deportiva no contexto educativo, deportivo, recreativo e da actividade física e saúde.
A36	Coñecer e saber aplicar as novas tecnoloxías da información e a imaxe, tanto nas ciencias da actividade física e do deporte, como no exercicio profesional.
B1	Coñecer e posuír a metodoloxía e estratexia necesaria para a aprendizaxe nas ciencias da actividade física e do deporte.
B2	Resolver problemas de forma eficaz e eficiente no ámbito das ciencias da actividade física e do deporte.
B3	Traballar nos diferentes contextos da actividade física e o deporte, de forma autónoma e con iniciativa, aplicando o pensamento crítico, lóxico e creativo.
B7	Xestionar a información.
B10	Saber aplicar as tecnoloxías da información e comunicación (TIC) ao ámbito das Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
B16	Dominar habilidades de comunicación verbal e non verbal necesarias no contexto da actividade física e o deporte.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Identificar e comprender os requisitos psico e sociomotores das habilidades de loita.	A4	B1	
	A7	B2	
	A8		
	A9		
	A11		
	A25		
	A27		
	A33		
Coñecer os elementos técnico-tácticos básicos das habilidades de loita.	A25	B1	
	A26	B2	
Executar habilidades de loita cumprindo criterios de eficacia específicos.	A5	B2	
	A25		
	A26		
Deseñar, desenvolver e avaliar procesos básicos de ensinanza-aprendizaxe das habilidades de loita, con atención ás súas peculiaridades didácticas, e tendo en consideración a diversidade: xénero, idade, discapacidade.	A4	B3	C1
	A7	B7	
	A8	B10	
	A9	B16	
	A11		
	A18		
	A25		
	A26		
	A27		
	A33		
	A36		

Contidos	
Temas	Subtemas



BLOQUE TEMÁTICO I CONCEPTUALIZACIÓN DAS HABILIDADES DE LOITA	TEMA 1.- APROXIMACIÓN CONCEPTUAL E TERMINOLÓXICA: ORIXE E DESENVOLVEMENTO DA LOITA. 1.1. Análise do descriptor da asignatura. 1.2. Acotación terminolóxica. 1.3. Características xerais da loita. TEMA 2.- HABILIDADES DE LOITA: ALCANCE E DIMENSIÓN. 2.1. Concepto de habilidade. 2.2. Clasificación das habilidades. 2.3. A habilidade motriz na loita. 2.4. Características das habilidades de loita. 2.5. Clasificación das habilidades específicas de loita.
BLOQUE TEMÁTICO II AS HABILIDADES DE LOITA COMO RECURSO DIDÁCTICO NA INICIACIÓN	TEMA 3.- O PROCESO DE INICIACIÓN AOS DEPORTES DE LOITA. 3.1. Concepto da iniciación deportiva. 3.2. A iniciación aos deportes de loita: consideracións xerais. 3.3. Contidos a manexar na iniciación aos deportes de loita. 3.4. Secuenciación de contidos no proceso de iniciación aos deportes de loita. TEMA 4.- TRATAMENTO E EMPREGO DOS PARÁMETROS DE INICIACIÓN 4.1. Metodoloxía para a construción de exercicios psicomotores específicos. Deseño de tarefas. 4.2. Metodoloxía para a construción de xogos de oposición/loita. Deseño de tarefas. 4.3. Metodoloxía para a construción de situacións de práctica das habilidades específicas de loita. Deseño de tarefas.



BLOQUE TEMÁTICO III FUNDAMENTOS MOTRICES DAS HABILIDADES DE LOITA	TEMA 5. HABILIDADES CON XIRO LIMITADO E DOUS APOIOS. 5.1. Criterios fundamentais de execución. 5.2. Secuenciación práctica. 5.3. Variacións na execución. TEMA 6. HABILIDADES CON XIRO COMPLETO E DOUS APOIOS. 6.1. Criterios fundamentais de execución. 6.2. Secuenciación práctica. 6.3. Variacións na execución. TEMA 7. HABILIDADES CON XIRO LIMITADO E UN APOIO. 7.1. Criterios fundamentais de execución. 7.2. Secuenciación práctica. 7.3. Variacións na execución. TEMA 8. HABILIDADES SEN XIRO NO ESPAZO LATERAL, UN APOIO E PROXECCIÓN POSTERIOR. 8.1. Criterios fundamentais de execución. 8.2. Secuenciación práctica. 8.3. Variacións na execución. TEMA 9. HABILIDADES SEN XIRO NO ESPAZO CENTRAL, UN APOIO E PROXECCIÓN POSTERIOR. 9.1. Criterios fundamentais de execución. 9.2. Secuenciación práctica. 9.3. Variacións na execución. TEMA 10. HABILIDADES SEN XIRO NO ESPAZO LATERAL, UN APOIO E PROXECCIÓN ANTERIOR. 10.1. Criterios fundamentais de execución. 10.2. Secuenciación práctica. 10.3. Variacións na execución. TEMA 11. HABILIDADES QUE PERMITEN O VOLTEO E O CONTROL CORPORAL. 11.1. Criterios fundamentais de execución. 11.2. Secuenciación práctica. 11.3. Variacións na execución. TEMA 12. HABILIDADES QUE PERMITEN O CONTROL SEGMENTARIO. 12.1. Criterios fundamentais de execución. 12.2. Secuenciación práctica. 12.3. Variacións na execución.
---	---



BLOQUE TEMÁTICO IV	TEMA 13.-LOITAS CON AGARRE PREDETERMINADO: CANARIA E LEONESA.
APROXIMACIÓN AOS DEPORTES DE LOITA	13.1. Aproximación reglamentaria. 13.2. Fundamentos motores. 13.3. Habilidades características. TEMA 14.-LOITAS CON AGARRE LIBRE: JUDO, GRECORROMANA E LIBRE-OLÍMPICA. 14.1. Aproximación reglamentaria. 14.2. Fundamentos motores. 14.3. Habilidades características.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A4 B1 B7	1.5	0	1.5
Proba mixta	A4 A8 A9 A11 A18 A25 A26 A27 B2 B16 C1	2	20	22
Sesión maxistral	A4 A7 A8 A9 A18 A25 A26 A27 B1 B2 B3 B7	3	4.5	7.5
Simulación	A5 A8 A9 A11 A18 A25 A26 A27 A33 B1 B2 B3 B7 B16 C1	3	15	18
Práctica de actividade física	A4 A5 A7 A8 A11 A25 A26 A27 B1 B2 B7 B16	43.5	37.5	81
Prácticas a través de TIC	A5 A11 A18 A25 A27 A33 A36 B7 B10 B16 C1	0	20	20
Atención personalizada		0	0	0
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Presentación da asignatura: obxectivos, desenvolvemento dos contidos, das sesións, do sistema e proceso de avaliación, e explicación do traballo do estudante.
Proba mixta	Exame teórico dos contidos teórico-prácticos desenvolvidos durante o cuadrimestre, mais dos traballos solicitados, e Exame práctico de competencia motriz sobre os contidos prácticos expostos.
Sesión maxistral	Presentación dos contidos de xeito expositivo e demostrativo por parte do docente. Poderá tratarse de contidos exclusivamente teóricos e/ou de execución práctica.
Simulación	Os e as estudantes deberán preparar a exposición de algún contido teórico-práctico concreto, para a súa posterior presentación e realización por parte do resto do grupo.
Práctica de actividade física	Desenvolvemento dos contidos teórico-prácticos que incluírán os aspectos teóricos en relación aos criterios motrices básicos de execución, así como a execución das habilidades para a obtención da competencia motriz específica.
Prácticas a través de TIC	Consiste na elaboración e entrega dun traballo en formato video das habilidades de pe e de chan presentadas nos contidos, e executadas polo alumno/a. A montaxe do video terá unha duración máxima de 20'.



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Prácticas a través de TIC	A5 A11 A18 A25 A27 A33 A36 B7 B10 B16 C1	O alumno entregará na data oficial do exame o traballo descrito no apartado Metodoloxía. Na súa avaliación terase en conta a calidade dos contidos, da execución, e aspectos formais na edición do video.	10
Proba mixta	A4 A8 A9 A11 A18 A25 A26 A27 B2 B16 C1	Exame teórico de pregunta curta e/ou a desenvolver, sobre os contidos teórico-rácticos expostos. A puntuación é de 0 a 10, e será preciso obter o 50% para superar a proba. A realización desta proba é obrigatoria.	30
Simulación	A5 A8 A9 A11 A18 A25 A26 A27 A33 B1 B2 B3 B7 B16 C1	Se avaliará o contido da sesión, a metodoloxía didáctica empregada, a calidade na exposición dos contidos e a condución e resolución de cuestións plantexadas polo grupo. A realización é optativa, e a puntuación é de 0 a 10.	10
Práctica de actividade física	A4 A5 A7 A8 A11 A25 A26 A27 B1 B2 B7 B16	Estes contidos serán avaliados mediante: a) 5 Probas de Valoración Motriz (PVM) (realización optativa) en avaliación continua (puntuación de 0 a 10). Suporán o 35% do total (necesario superar mínimo 3 delas para poder sumar no cómputo xeral final; cada proba considerárase superada cando a puntuación sexa igual ou superior a 5 puntos. b) Exame práctico final (realización optativa na data oficial sinalada), de valoración da competencia motriz nas habilidades específicas de loita. Suporá o 15% da calificación (puntuación de 0 a 10). Será preciso obter o 50% para que poida sumar no cómputo xeral final.	50

Observacións avaliación

Será de obrigado cumprimento a asistencia a un mínimo do 70% das sesións da asignatura (60% no caso de estudantes con adicación a tempo parcial) para que o apartado de Probas de Valoración Motriz (35%), e o de Simulación (10%) podan ser sumados no cómputo xeral final. Unha vez que o 70% (60%) da asistencia sexa obtido, poderase sumar: a) O 35% da puntuación obtida nas Probas de Valoración Motriz, toda vez que 3 probas sexan superadas (5 puntos), aínda que a media final de todas as probas sexa menor de 5. b) O 10% do valor da Proba de Simulación, aínda que a puntuación sexa menor de 5 puntos.

No caso de non ter o 70% mínimo de asistencia (ou 60% nos estudantes con matrícula a tempo parcial), esixírase unha media de 7 puntos nas Probas de Valoración Motriz para acadar o dereito a sumar esa porcentaxe (35%) na nota final.

As Prácticas a través de TIC non precisan asistencia para a súa avaliación.

A única parte da avaliación que é obrigatoria realizar (e aprobar) para sumar un mínimo de 5 puntos necesarios para superar a asignatura é a Proba Mixta. O resto pódese obter en función das decisións e organización dos e das estudantes. A calificación final (entre 0 e 10) virá determinada pola suma dos valores que poidan ser tomados en conta, e en virtude do anteriormente exposto. A asignatura estará superada ao acadar un mínimo de 5 puntos. Cada unha das partes superadas, incluída a asistencia, será mantida en sucesivas oportunidades, e en sucesivos anos (ata novo aviso en inicio de curso, ou previo cambio do sistema de avaliación). Os casos de lesión crónica ou transitoria, así como os de estudantes con discapacidade, serán tratados e resolto individualmente polos profesores da asignatura.

En cada oportunidade, o non concorrer á proba mixta, en caso de que esta non fose superada previamente, implicará a calificación do alumno como non presentado.

Fontes de información



Bibliografía básica	- Dopico, J., Iglesias, E, (1997). Clasificación y organización de los contenidos de enseñanza específicos del Judo, para la intervención en la iniciación. En: VV.AA: El Judo y las ciencias de la actividad física y del deporte. Págs. 8. Vitoria. IVEF - Ruiz Pérez, L (1994). Deporte y aprendizaje. Madrid: Visor - Amador, F., Alamo, J.M., Dopico, X. e Iglesias, E. (2009). Fundamentos estructurales y pedagógicos del Judo. Las Palmas de Gran Canaria. Servicio de Publicaciones y Difusión Científica de la ULPGC - Dopico, J., Iglesias, E, Clavel, I (2002). Habilidades de lucha: introducción a las habilidades específicas de judo . A Coruña. Centro galego de documentación e edicións deportivas. - López Rodríguez C, Flórez de Celis A (1995). La Lucha Leonesa de Hoy. Manual Didáctico. Leon. Diputación Provincial de León - Amador (1996). Manual Completo de Lucha Canaria. Madrid. Edeca - Iglesias, E, Dopico, J., (). Propuestas metodológicas para el desarrollo y optimización de la habilidad en judo en atención a las capacidades coordinativas. En: VV.AA: El Judo y las ciencias de la actividad física y del deporte. . Vitoria. IVEF
Bibliografía complementaria	- Kashiwazaki K, Nakanishi H (1995). Atacar en Judo. Guía de combinaciones y contraataques. Barcelona. Paidotribo - Castarlenas JL, Pere M (coordinadores) (2002). El Judo en la Educación Física Escolar. Barcelona. Hispano Europea - Villamón M (director) (1999). Introducción al Judo. Barcelona. Hispano Europea - Taira S, Herguedas J, Román FI (1992). Judo (I). Madrid. Comité Olímpico Español - Garcia JM, del Valle S, Díaz P, Velázquez R (2006). Judo. Juegos para la mejora del aprendizaje de las técnicas. Barcelona. Paidotribo - Carratalá V, Carratalá E (2000). La Actividad Física y Deportiva Extraescolar en los Centros Educativos. Judo. Madrid. Consejo Superior de Deportes - Amador F, Dopico J, Iglesias E (2000). Requerimientos Motrices de la Lucha Leonesa. Consideraciones generales sobre el proceso de Enseñanza Aprendizaje. pag 255-294. En López Rodríguez C. El entrenamiento en los deportes de Lucha. León. Federación Territorial de Lucha ENLACES DE INTERÉS: http://www.fgjudo.com/arbitraje_GAL.html http://www.fegaloita.org/reglamento/ http://www.federaciondeluchacanaria.com/index.php?option=com_content&view=frontpage&Itemid=1 http://www.luchaleonesa.es/reglamento.html http://www.rfejudo.com/ http://www.judovision.org/ http://www.arajudo.com/

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Iniciación en deportes III (Judo) (optativa)/620G01312

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Aprendizaxe e control motor/620G01012

Biomecánica do movemento humano/620G01014

Materias que continúan o temario

Bases da educación física e deportiva/620G01004

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías